


# CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

28-29 de outubro do 2023

XXX ORDINARIO A



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA,  
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19  
**E SEMPRE SEMENTANDO PAZ**



## 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *Amigos nas penas e na festa amigos*

*Celebrante:*

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe. Facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Con todo o barullo que temos ao noso arredor moitas veces deixamos pasar o máis importante. Vivimos como se o mundo xirara só ao noso arredor.

Xesús hoxe no evanxeo vainos amosar o que verdadeiramente vale a pena cando lle preguntan polo mandamento máis importante:

- para Xesús tanto é o amor ás persoas como o é o amor a Deus.

Participemos na celebración que o Señor nos propón tendo en conta que o básico e fundamental na vida non é o “eu”, son os demais, xa que eles son a imaxe máis verdadeira de Deus.

Os Cotos estamos a facernos cribles nun corazón que se doe co nada que vale a vida na terra onde Xesús deu vida, e doémonos tamén con todos os abusos sufridos por demasiadas persoas na vida da mesma igrexa.

## ACTO PENITENCIAL

**Celebrante:** *É preciso atopar en todas as persoas a imaxe de Deus, como facía Xesús que non se paraba nas aparencias. Comprometémonos a vivir como familia a irmandade que Xesús pon no medio de nós. Comprometémonos e pedimos perdón:*

**Monitor/a**

➤ Comprometédesvos a vivir sendo coherentes nas palabras e nos feitos que poñen a Deus e aos demais como “primeiro mandamento”?.

**SI, COMPROMETÉMONOS**

➤ Comprometédesvos a vivir sementando paz, doándonos co nada que vale a vida en Palestina e Israel?.

**SI, COMPROMETÉMONOS**

➤ Comprometédesvos a vivir no respecto ás persoas, lonxe dos abusos, condenando a pederastia que tanto dana a vida?.

**SI, COMPROMETÉMONOS**

**Celebrante:** *Deus todopoderoso teña piedade de nós e dos que teñen lugar no noso corazón e nosa vida. A todos nos conceda o perdón e nos leve á vida eterna. Amén.*

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA

**Celebrante:** *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Co noso corazón doído con todo o que pasa nas terras de Xesús, e doídos tamén cos abusos no seo da igrexa, achegámonos a Deus.*

*(silenzo)*

Deus, Noso Pai,  
aumenta en nós a fe, a esperanza e a caridade.

Para que poidamos acadar o que nos prometes, fainos amar o que nos mandas.

Pedímoscho polo mesmo Xesucristo, sabendo que el viviu no medio de nós valorando as persoas, non polo que teñen, senón polo que son: “a mellor cara de Deus”.  
El que vive e reina por sempre eternamente. Amén

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

**(sentad@s)** a palabra de Deus proclámase dende o ambón

**Celebrante:** *Xa no Libro do Éxodo se nos mandaba o amor a Deus e aos irmáns, pero moitas veces deixouse de lado este mandamento pondo como primeiro o amor a nós mesmos.*

*A Deus atopámolo nos demais, en cada vida que non vale nada en Gaza, en cada vida destrozada polos abusos. escoitemos.*

## LECTURA DO LIBRO DO ÉXODO

Di o Señor:

Non aflixirás nin asoballarás os forasteiros, pois forasteiros fostes vós en terras de Exipto.

Non oprimirás as viúvas nin os orfos. Se de feito os oprimes, e eles se queixan a min, eu escoitarei certamente a súa queixa. O meu noxo acenderase e fareivos morrer a espada. As vosas mulleres quedarán viúvas e os vosos fillos orfos.

Se lle emprestas diñeiro a un do meu pobo, ao pobre que vive onda ti, non te portarás coma un usureiro, cobrándolle intereses. Se tomas en peñor o manto do teu próximo, antes de poñerse o sol devolverasllo, pois é o vestido que ten para cubrir o seu corpo. Con que, se non, se taparía ao deitarse? Se se queixa a min, escoitareino, porque eu son misericordioso.

### Palabra do Señor

🎵 **Na tardiña baixa da vida**

SALMO



5

## PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Daquela os fariseos, ao se informaren de que Xesús lles tapara a boca aos saduceos, reuníronse; e un deles, que era xurista, preguntoulle para poñelo a proba:

- Mestre, cal é o mandamento máis importante da Lei?

Xesús respondeulle:

- "Amarás o Señor, o teu Deus, con todo o teu corazón, con toda a túa alma e con todo o teu entendemento. Este é o mandamento primeiro e máis grande. O segundo é semellante a el: Amarás o teu próximo coma a ti mesmo. Destes dous mandamentos dependen a Lei enteira e mailos profetas.

### Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón




6

## Unhas palabras a xeito de homilía para pensar en silencio

Que é amar a Deus:

- é amar nunhas relacións familiares respectuosas, no compartir de parella, no esforzo de encamiñar aos fillos, no agarimo de coidar aos maiores que o deron todo
- amar a Deus é amar no coidado da terra e da natureza que nos rodea. Reciclando, reutilizando, reducindo o que consumimos
- amar a Deus é amar na preocupación e no dar unha man ás persoas que máis difícil, xa sexan emigrantes, refuxiados, ou mulleres que malviven na violencia por seren mulleres
- amar a Deus é amar e non calar as incoherencias dunha igrexa que con medo non sempre denunciou con rotundidade os abusos
- amar a Deus é amar en cada rostro ferido, en cada mirada perdida, en cada vida rota en Palestina e Israel



## (en pé) PROFESIÓN DA FE

*Celebrante* Neste encontro parroquial queremos ser coherentes co amor que nos propón Xesús cara a todos por iso damos resposta da nosa fe dicindo:

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

*Monitor/a:*

Crede en Deus Pai e Nai, que nos creou á súa imaxe e semellanza enchéndonos de amor?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Crede en Xesús, que nos convida a ter a Deus e aos demais coma o importante e “primeiro mandamento” na vida de cada día?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Crede no Espírito Santo que alenta a colaborar construíndo unha sociedade transparente e honrada que se esforza pola dignidade de toda persoa?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Crede na igrexa, familia dos homes e mulleres que seguindo os pasos de Xesús non podemos calar e dóenos a violencia que se vive en Palestina e Israel, e dóennos os abusos que algunhas persoas padeceron na igrexa?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

## ORACIÓN UNIVERSAL

**Celebrante:** *Oremos confiados e xuntos, a Xesús que nos dá exemplo e nos convida a amarnos uns a outros coma irmáns para amar a Deus. Dicimos:*

**Acolle Señor a nosa oración**

**Monitor/a:**

- ✓ Pedímosche Señor para que no medio da Igrexa aniñen actitudes e comportamentos acolledores da dignidade que puxeches en cada persoa. Oremos
- ✓ Pedímosche Señor para que nas nosas comunidades non esquezamos nunca que a salvación só será posible se somos capaces de amarte amando aos demais coma irmáns. Oremos
- ✓ Pedímosche Señor para que nos deixemos guiar da man de Xesús respectando a dignidade das persoas. Fágase mellor coa vida en Palestina e Israel, e fagámolo mellor denunciando calquera forma de abuso. Oremos
- ✓ Pedímosche Señor polos refuxiados para que se sintan nas túas mans de Pai, e para que conten coas nosas mans de irmáns. Oremos

**Celebrante:** *Grazas Señor por abrírnos as portas da túa casa, convidarnos ao banquete da túa mesa, empuxarnos á hora de facer unha paz crible, e non calar ante calquera xeito de abuso. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén*

## 3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

### NOSO PAI

**Celebrante:** *Ao Deus que confía en nós para construír camiños de paz e que non nos quere calados ante os abusos, rezámoslle dicindo:*

**NOSO PAI ...**



### SIGNO DA PAZ

**Celebrante** *Con un pequeno xesto de paz queremos hoxe demostrar que os demais son importantes na nosa vida, e queremos agradecer que sexamos tamén importantes para os demais. Non importan as nosas cousas o que vale a pena é o que somos, e somos irmáns e dámonos a paz.*

**Fagamos a paz irmáns**

## COMUÑÓN

**Celebrante:** *A mesa é o signo do amor que Xesús nos ten e que quere compartir con todos. Participemos hoxe nela para comprometermos a construír o mundo de irmandade desexado por Xesús no que o máis importante son as persoas.*

*Ditosos nós que hoxe somos convidados a esta mesa do Señor.*

*Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar*

🎵 **Acharte presente na vida**

## 4.- AVISOS E DESPEDIDA

### ORACIÓN FINAL

**Celebrante:**

Señor, que os teus sacramentos realicen en nós o que significan.

Fai que sexa un día realidade para nós o que agora compartimos

Axúdanos a medrar, esforzándonos día a día, por facer que Ti e os demais sexades o primeiro mandamento da nosa vida.

Ti que vives e reinas por sempre eternamente.  
Amén.

*Con Xesús queremos abrir os ollos para ver a Deus Pai en cada rostro.*


*Con Xesús queremos ter un trato xusto e digno cos demais procurando sempre unhas relacións humanas baseadas na igualdade, e na paz que tanto necesitamos.*

*Con Xesús queremos que a nosa comunidade de Os Cotos sexa sempre unha parroquia aberta a todos, e dun xeito especial para con aqueles que máis precisan que se recoñeza a súa dignidade de persoa.*

**Avísase das misas (ver folla do mes)**

**Que teñamos un bo día, unha boa semana,  
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal  
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén**

**Podémonos ir en paz**



**“Amar a Deus e amar ao próximo”  
dá sentido á vida**

*Palabras e ensinanzas de Xesús no evanxeo de hoxe.*